

# V Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial en Galicia

## Encontro "Deseño e transformación. Innovación en pemes no marco dos obxectivos de desenvolvemento sostible"

A **Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación** da Xunta de Galicia, a través da **Axencia Galega de Innovación**, organiza o **V Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial**, orientado a potenciar o deseño no tecido empresarial galego como motor de innovación e competitividade.

Nesta edición, o foco céntrase en como o deseño e os procesos creativos poden e deben xogar un papel fundamental para a innovación nas pemes, contribuíndo á súa competitividade no horizonte dos obxectivos de desenvolvemento sostible e respondendo ao reto climático, á transformación e ao benestar social.

A **incorporación do deseño nas pemes** no contexto actual de transformación representa un elemento de carácter estratéxico cara a xestión da incerteza, xa que ten incidencia no incremento do seu **valor empresarial** pola súa repercusión directa nalgunhas das variables e dos aspectos máis significativos da actividade económica. Conscientes da importancia do deseño, desde a Axencia Galega de Innovación púxose en marcha o **programa de axudas DeseñaPeme**, o cal ten como obxectivo clave axudar a incorporar nas pemes galegas o deseño e poñer en valor a figura do profesional do deseño como elemento transformador.

Este V Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial en Galicia inclúe algunhas das pemes protagonistas da primeira convocatoria de DeseñaPeme, á vez que se sitúa en liña co novo **Programa de Deseño para a Innovación e a Sustentabilidade 2024 - DIFERENZA**, que se fundamenta en potenciar a economía creativa para a innovación e o deseño estratéxico para a transformación social e económica de Galicia, dando continuidade á aposta polo deseño para a innovación iniciada pola Axencia Galega de Innovación no ano 2018.

## Programa

09.30 – 10.30 h **Café benvida**

**Recepción asistentes (entrega material)**

10.30 – 10.45 h **APERTURA V ENCONTRO DE DESEÑO PARA A INNOVACIÓN EMPRESARIAL**

**O deseño e a innovación social como ferramentas para a transformación económica sostible**

**Patricia Argerey**, directora da Axencia Galega de Innovación  
**David Barro**, director da Fundación DIDAC

### FUTURO DIXITAL E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

10.45 – 11.10 h **Mesa redonda. Proxectos 1ª Convocatoria DeseñaPeme**

**María Felisa Pouso Crespo**, xerente de Star Electrónica  
**Miguel Pérez Lago**, director de desenvolvemento de produto de MRF

11.10 – 11.40 h **Deseñar transparencia, seguridade e rastrexabilidade na contorna dixital**

**Carlota Corzo**, cofundadora de Lázzaro

### O RURAL COMO MOTOR EMPRESARIAL E DE INNOVACIÓN

11.40 – 12.05 h **Mesa redonda. Proxectos 1ª Convocatoria DeseñaPeme**

**Idoia Cuesta**, directora de produto de A-vida  
**Eugenia Juncal**, directora de I+D de Granja Campomayor

### ECONOMÍA CIRCULAR E CREATIVA

12.05 – 12.30 h **Mesa redonda. Proxectos 1ª Convocatoria DeseñaPeme**

**Eva González Pérez**, socia fundadora de Veigas de Sabugueiro  
**Isaac Piñeiro**, director creativo de Calor Color

12.30 – 12.40 h **CLAUSURA V ENCONTRO DE DESEÑO PARA A INNOVACIÓN EMPRESARIAL**

**Francisco Conde López**, Vicepresidente primeiro e Conselleiro de Economía, Industria e Innovación

12.40 – 13.30 h **Aperitivo networking**

## CANTEIRA DE INNOVACIÓN E MATERIAIS DE GALICIA

Durante o **V Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial en Galicia**, poderemos ver o stand que a **Axencia Galega de Innovación** presentou en Otero de Ferreros no festival **Imperdibles** da **Fundación COTEC** na que se amosan novos materiais creados na contorna rural galega, que ademais representan solucións innovadoras e sostibles a retos de carácter global.

### EMPRESAS REPRESENTADAS

Atalanta Madera  
Betanzos HB S.L.  
Cholita  
Ecoelta Galicia S.L.  
Ecoplas Barbanza S.L.  
Eferro  
Ibérica de esponjas vegetales  
Idoia Cuesta  
Io Morales  
Landra Típica  
Mámoa Deseños Vivos  
Mar de Miranda  
NorPromenade  
Inés RIR & Co  
Timbersoul by Cándido Hermida  
Tsubaki Deseño